

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE
DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

- - - - -
=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D. Roberto - Carlos Agís Balboa
- D^a Vanessa Rodríguez Búa
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO ACCTAL:

D. Luis Angel Sabariz Rolán.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 24 E 30 DE XULLO DE 2018. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se producir intervencións o Sr. Presidente someteu a acta da sesión do 24 de xullo de 2018 a votación na que, **por unanimidade dos membros de dereito da corporación, resultou aprobada.**

A continuación o Sr. Presidente someteu a votación a acta da sesión do 30 de xullo de 2018, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 1 (Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, esta xustificou a súa abstención dicindo que non estivo na sesión do 30/07/18).

En consecuencia, a acta da sesión do 30 de xullo de 2018, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación. -----

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º)APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2017. O Sr. Secretario acetal. sinalou que, durante o período de información pública, non se produciron alegacións sobre esta Conta, levada á **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 05 de xullo de 2018.**

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a **Conta Xeral Consolidada do Ano 2017 do Concello de Sanxenxo** a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral Consolidada do ano 2017 do Concello de Sanxenxo, que se informou pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 05 de xullo de 2018.

SEGUNDO: Remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.-----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, manifestou que se trataba dun asunto de mero trámite en cumprimento do contrato coa concesionaria.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, manifestou que coa relativa bonanza económica que temos poderían conxelarse as taxas. Lembrou, así mesmo, que o PSOE presentou no seu día unha moción para que as pensións subiran o IPC e tanto o PP como o SAL votaron en contra. Rematou dicindo que o goberno municipal propón incrementos para subir as taxas pero non para subir as pensións.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que se estaba a tratar dunha obriga que establece o contrato, engadindo que a suba do 2.2% non deixa de ser importante para os petos dos veciños.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, aclarou que non estabamos ante un capricho senón que había unha obriga de subir o IPC como se está a dicir aquí.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Abonados domésticos

Mínimo (30m ³ /abon. trim.).....	0,4421 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4963 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4968 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4982 euros/m ³

Abonados domésticos con 5 o máis persoas empadroadas

Mínimo (30m ³ /abon. trim.).....	0,4421 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4421 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4963 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4968 euros/m ³

Abonados comerciais

Mínimo (30m ³ /abon. trim.).....	0,4421 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4963 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4968 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4982 euros/m ³

Abonados industriais

Mínimo (75m ³ /abon. trim.).....	0,4963 euros/m ³
Excesos	0,6312 euros/m ³

Obras

Mínimo (120m ³ /abon. trim.).....	0,6312 euros/m ³
Excesos	0,8081 euros/m ³

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ó facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 106,17 euros.

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 172,05 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan aboados os recibos pendentes.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.19.-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018.

Non se producen intervencións, por tratarse dunha suba similar á tratada no punto anterior (contrato coa empresa concesionaria) e o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa

1. Vivendas de carácter unifamiliar	15,593 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación	3,916 euros/ano

3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros1.298,825 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado0,220 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados.....18,734 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado.....51,975 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos124,734 euros/ano

POR DEREITOS DE CONEXIÓN Á REDE XERAL DE SUMIDOIROS

Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas

Cota única de 106,17 euros.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.19.-----

5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018.

Non se producen intervencións por tratarse dunha suba similar á dos dous puntos anteriores (contrato coa empresa concesionaria); o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

- a) Abonados con contador e servizo de abastecemento de auga:

Cota fixa mensual

Uso doméstico	3,037 euros/m ³
Uso comercial	3,037 euros/m ³
Uso industrial, hostalería e outros	5,210 euros/m ³

Por consumo

Uso doméstico	0,194 euros/m ³
Uso comercial	0,194 euros/m ³
Uso industrial, hostalería e outros	0,194 euros/m ³

b) Abonados sen contador e sen servizo de abastecemento de auga:

Uso doméstico	16,535 euros/m ³
Uso comercial	16,535 euros/m ³
Uso industrial, hostalería e outros	47,306 euros/m ³

c) Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento de auga:

Aqueles abonados/industriais que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán, ao seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual	5,210 euros/mes
Cada m ³ vertido (medido ou aforado)	0,194 euros/m ³

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.19.-----

6º) PROPOSICIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS DE NATUREZA RÚSTICA E URBANA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que tratábase de baixar o IBI de natureza urbana un 10% e o de natureza rústica un 20%, tentando reducir sempre impostos agora que hai capacidade para facelo.

Á **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sorprendeulle a medida porque no pleno ordinario de maio propuxo ela a rebaixa do IBI, algo que non foi aceptado polo goberno local, ao dicir o alcalde que non estaba de acordo con rebaixas lineais senón con baixar o imposto a quen máis o necesitase. Aclarou que a súa proposta foi presentada para paliar os altos valores da ponencia que é onde está en Sanxenxo o problema do IBI. Rematou dicindo que o goberno local só pensa en gañar as eleccións e non en defender os intereses dos veciños.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que xa no seu día apoiou a baixada do IBI algo tamén que apoiaba agora, deixando claro que sempre apoia este tipo de medidas que deberían estar xustificadas.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que en 2014 o tipo era do 0,60% e que agora vai ser do 0,40%, pero que isto é un engano porque o importante é o recibo medio que sae dunha ponencia de valores baseada nun PXOM de Telmo Martín, cunha ineficiente xestión do PP que supuxo un sobrecusto con xuros, sancións e custas que debe asumir a facenda municipal. Indicou que vai a apoiar a medida pero falou tamén de que hai zonas de solo urbano, como a da baixada dos Cotos ata Area de Agra, sen servizos como o de saneamento que hai que arranxar (non hai bombeo). Rematou dicindo que estas situacións sangrantes deben superarse.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que outra vez viña o IBI ao pleno sendo un imposto que permite facer xogo político ao PP de xeito enganoso, pois o 14/05/16 o PP na oposición pretendía rebaixar o IBI un 20% para igualalo ao que había en 2012 pero o certo é que coa ponencia de valores actual, baseada en moitos casos na especulación, hai un efecto multiplicador dos valores e que en iso reside o verdadeiro problema e así o dito sobre o ano 2012 polo PP quedou en nada en materia de recibos. Indicou que os veciños pouco van notar a baixada na cota total pois a base imponible segue subindo. Recalcou que serán os promotores, as entidades bancarias que embargaron propiedades, e os titulares de vivendas baleiras a nome de inmobiliarias os que notarán os efectos positivos. Xógase así coas cifras e coa política de gasto do concello con criterios de flexibilidade que agora cambiaron por completo, salientando que Telmo Martín na oposición falaba de baixar o IBI a familias necesitadas ata o 90% e, en cambio, agora xa non fala das bonificacións contempladas na lei de facendas locais que serían moi necesarias para varias zonas. Rematou dicindo que curiosamente agora non se fala do plan de axuste.

O **Sr. Guisasola Padín** lembrou que en 2016 o PP presentou a súa proposta de baixa do IBI con datos e estudos pero que o goberno anterior non propuxo nada, e que incluso lles chamaron irresponsables. Seguiu dicindo que baixar impostos sempre é bo e que en 2017 non puideron facelo porque acababan de chegar ao goberno. Lembrou que os tipos doutros concellos da zona son superiores, (citou os casos de Pontevedra co 0,64% e o Grove co 0,58% ,e que en Cambados se están a tratar posibles baixadas dos tipos). Lembrou que xa foron conxelados impostos e taxas salientando a boa xestión do PP, apoiado polo SAL, e anunciando que seguirána baixar impostos se poden. Para rematar fixo historia lembrando cando houbo que subir, por imperativo legal, ao 0,60% o tipo engadindo a nova ponencia de valores onde pasaron a tributar terreos que antes non o facían e que sería irresponsable agora sería baixar do 0,40%, dándose por satisfeito que nesta lexislatura se

baixase do 0,48% ao 0,40% o IBI urbana.

A **Sra. Rodríguez Búa** lembrou que en Cambados non se fixo ponencia de valores e que o goberno local baixa agora o IBI porque lle convén politicamente. Recalcou que os problemas veñen ocasionados pola ponencia de valores poñendo exemplos de terreos incluídos nas ordenanzas 8 e 12 do PXOM onde non se aplicaron coeficientes redutores por ineficabilidade temporal concluíndo que había que revisar a ponencia no seu conxunto.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que a comparativa con concellos limítrofes non é determinante porque pode haber valores catastrais altos con tipos baixos ou valores catastrais baixos con tipos altos. Díxolle ao Sr. Guisasola Padín que esquivava o debate de levar a situación actual do IBI ao 2012, matizando tamén que hai 4.200 unidades novas coa recente regularización e así non hai merma de ingresos polo que a baixa non vai influír nos valores medios.

O **Sr. Guisasola Padín** recalcou que levar o IBI ata o 0,60% foi unha medida para todo o territorio nacional dependendo a cifra concreta das datas de revisión catastral. Manifestou que en 13 meses de xestión o goberno actual fixo boa xestión mentres o goberno anterior non fixo nada, dicindo que a Sra. Rodríguez Búa viña ao concello só dous días á semana para facer auditorías que logo non servían para nada.

O **Sr. Alcalde** lembrou a elaboración da ponencia de valores de 1995, a aprobación do PXOM de 2003 e á aprobación da ponencia de 2014, dicindo que entre a aprobación do PXOM e o da nova ponencia houbo terreos (9.000 unidades se dixo) que non tributaron IBI. Sobre as valoracións de parcelas citadas pola concelleira Sra. Rodríguez Búa indicou que os particulares afectados debían facer os tramites correspondentes diante do Catastro e rematou dicindo que os gobernos de esquerda sempre falan de subir os impostos, pero que el non é populista e que este foi un compromiso electoral e punto porque o recibo aos cidadáns chegaralle en setembro/outubro de 2019 despois das eleccións locais do vindeiro ano.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Modificar o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable os bens de natureza urbana que queda fixado no 0,40 %.

SEGUNDO: Modificar o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable os bens de natureza rústica que queda fixado no 0,40 %.

TERCEIRO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

CUARTO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

QUINTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.19.-----

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECLAMACIÓN CONTRA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 3/18. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“”5.- RECLAMACIÓN CONTRA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 3/18.- Dase conta da proposta da alcaldía de data 13.09.18 que, copiada literalmente, di:

“Reclamación contra aprobación do exp. 3/18 de transferencia de crédito entre diferentes áreas de gasto desde o plan director 1/6 de pago de xustiprezo para varios gastos.

Visto o informe xurídico emitido con data 11.09.18 esta Alcaldía propón que, en virtude do mesmo, se desestime a mesma e que se aprobe definitivamente a modificación de crédito”.

Vista a fiscalización favorable de 14.09.18 que, copiado literalmente, di:

“Vista a proposta da concellería delegada de facenda ou alcaldía respecto do rexeitamento da reclamación presentada no trámite de información pública perante a aprobación inicial, esta información fiscaliza favorablemente no sentido seguinte:

Plena remisión ao sentido do informe emitido polos servizos xurídicos de urbanismo, toda vez que non se detectan defectos evidentes nos seus plantexamentos e/ou ausencia de fundamentación.

Todo elo en virtude do disposto no artigo 222 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.”.

Polo alcalde pónse en coñecemento da comisión que entre a convocatoria desta comisión e o día da sesión entrou unha sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, onde se establece a obriga do pagamento do xustiprezo fixado con anterioridade ao momento actual así como os xuros de demora devengado desde o ano 2011.

Á vista deste auto esta alcaldía solicitou un informe xurídico que foi emitido con data 18.09.18, pola técnica dos servizos xurídicos. A vista delo esta alcaldía fai unha nova proposta que, copiada literalmente, di:

“Con data 13 de Setembro de 2018 esta Alcaldía efectuou unha proposta perante o pleno coa finalidade de desestimar a reclamación efectuada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales e outros con Nº de Rexistro de Entrada 9118.

Esta proposta fundamentábase no informe xurídico emitido con data do 11 de Setembro de 2018 polos servizos de urbanismo.

O obxecto da reclamación era a aprobación inicial da modificación presupostaria 3/18.

O mencionado informe concluía que o pagamento do xustiprezo pola expropiación urbanística de referencia non era esixible ao momento presente.

Neste período de tempo notificouse ao Concello unha senteza do Xulgado do Contencioso

Administrativo N^o3 de Pontevedra onde se establece a obriga do pagamento do xustiprezo fixado con anterioridade ao momento actual e, asemade, xuros de demora devengados dende o ano 2011.

Esta Alcaldía, ante estes feitos, requeriu un novo informe xurídico aos mesmos servizos públicos, coa finalidade de avaliar se é procedente manter ou non a proposta inicial.

Visto o informe agora emitido que aconsella interpor o pertinente recurso de apelación, con dobre efecto perante a mencionada sentenza, a interpor perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sendo que o mencionado informe, expresa ademais a posibilidade de recurrir en apelación aos autos que no seu caso deriven da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo N^o3 de Pontevedra.

Tendo en conta ademais que o pleno da corporación en sesión celebrada o 12 de xullo de 2018 estableceu que o medio de pagamento do xustiprezo sería endebedamento financeiro a longo prazo por un importe estimado de 3.025.000 €, xa que resultaba máis beneficioso á facenda pública municipal en canto a xuros devengados, fronte a modalidade de pagamento con fondos propios diferida a 4 anualidades.

Tendo en conta ademais que o pleno da corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2018 aprobou as bases para a concertación da mencionada operación de endebedamento con cargo ao presuposto de 2018, tendo sido informado este asunto polos servizos de control interno.

Visto ademais a necesidade de recurrir en apelación á mencionada sentenza (segundo o informe xurídico) pola fixación dos xuros presuntamente devengados.

E POR TODO O QUE RESOLVO:

Manter a miña proposta perante o pleno da corporación de desestimar a reclamación presentada fronte a aprobación inicial da modificación presupostaria citada, e que polo tanto, se aprobe a mesma definitivamente“.

Á vista da nova proposta, pola intervención xeral emítase nova fiscalización con data 19.09.18 que, copiada literalmente, di:

“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN FRONTE Á APROBACIÓN INICIAL DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO N^o 3/18 E OUTROS

Vista a proposta da alcaldía baseada nun informe xurídico dos servizos de urbanismo de data 19.09.18, sobre a incidencia dunha sentenza do Xulgado contencioso-administrativo n^o 3 de Pontevedra sobre o pagamento do xustiprezo pola expropiación urbanística de finca rexistral n^o 8023, esta intervención efectúa a seguinte fiscalización:

Xa no ano 2017 foi emitido un informe económico-financieiro por esta intervención onde se establecían as diferente formas orzamentarias de facer fronte ao pagamento do xustiprezo de referencia.

De feito, no orzamento de 2018, aprobado por esta Corporación, establecíanse 3 modalidades diferentes para asumir o devandito pagamento, a saber:

- A) Mediante fondos propios con pagamento diferido a 3 ou 4 anualidades con devengo do interés legal do diñeiro, acumulativo ao que, no seu caso, se tivese devengado ao inicio do pagamento.

- B) Mediante unha operación de endebedamento que soamente podería cubrir o principal e non os xuros ao non ser estes unha operación de capital de investimento.
- C) Mediante alleamento do patrimonio público do solo en especie que tamén se podería dedicar en exclusiva ao pagamento do principal e non dos xuros.

En canto á modalidade A), de feito, xa estivo en situación de dispoñible desde o 01.01.18, toda vez que ten como antecedentes a cantidade xa orzamentada no último quinquenio para o pagamento da devolución da entrega dineraria da promoción do ámbito urbanístico do S.U. 13.

O Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 12.07.18, decidiu que a forma de facer fronte ao pagamento do xustiprezo fose mediante endebedamento financeiro por un importe estimado máximo de 3.025.000,00 euros. O razoamento foi que sería unha operación máis beneficiosa para a facenda pública, en canto ao gasto financeiro asociado que o pagamento diferido a 3 ou 4 anos, xa que é substancialmente menor o tipo de xuro do endebedamento que o do legal do diñeiro.

Por outra parte, na sesión do Pleno de 30.07.18 decidiuse concertar a mencionada operación cun prazo de amortización a 4 anos, a iniciar en 2019, e coa posibilidade de ampliar a contía ata un máximo de 6 millóns de euros, se fose preciso, pola fixación dun novo xustiprezo polo Xurado provincial de expropiación que fose definitivamente esixible e contemplase novas eventualidades xurídicas tras a sentenza do Tribunal supremo nº 355/2018 de 6 de marzo e do seu auto aclarativo do 23.04.18 que resolve sobre o acordo do xurado de expropiación de data 11.04.13 relativo ao expediente 2011-002290. En concreto, trátase da inclusión ou non no xustiprezo das vías colindantes á finca a expropiar.

No que se refire aos xuros que establece a sentenza, valorados en torno a 411.000,00 euros, referidos a 01.01.17 e devengados desde 2011, parece ser que serán obxecto de discusión, en canto á súa procedencia, cun posible recurso de apelación, tal e como se establece no informe xurídico referido.

En calquera caso, o Concello dispón de capacidade financeira e orzamentaria para facer fronte a esa cantidade, actualizada á data do pagamento, con cargo a recursos propios orzamentados, sempre que se difiran ao ano 2019, ou ben mediante unha operación extraordinaria de endebedamento adicional á xa mencionada para gasto corrente, en base ao artigo 177.5 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta operación tería que ser amortizada antes da finalización da actual Corporación, en consecuencia, antes do mes de xuño de 2019.

En todo caso, e dada a data na que nos atopamos, de ser interposto o recurso de apelación que aconsella o informe xurídico, o pagamento podería non ter lugar neste exercicio de 2018, existindo, non obstante, posibilidade de facer fronte ao mesmo mediante a operación de endebedamento cuxas bases de concertación xa foron aprobados polo Pleno en sesión de 30.07.18, para facer fronte ao pagamento do principal do xustiprezo e un adicional a amortizar enteiramente no ano 2019 para facer fronte aos xuros establecidos na sentenza referida, ou ben mediante reserva de fondos propios no actual exercicio por igual contía na aplicación orzamentaria de orixe obxecto da modificación orzamentaria recorrida no trámite de información pública.

CONCLUSIÓNS

Polo tanto, a cuestión establecida na proposta analizada non ten un trasfondo ou fundamentación de carácter orzamentaria, económico ou financeiro senón eminentemente xurídico, é dicir, sobre a esixibilidade ou non do pagamento do xustiprezo e a procedencia ou non de recorrer en apelación a sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, e, eventualmente do auto

que no seu caso se ditase en materia de execución provisoria da sentenza.

Estas cuestións, é dicir, aquietarse e cumprir a sentenza do Xulgado contencioso-administrativo e facer fronte ao pagamento do xustiprezo ou recorrela con efecto suspensivo é unha cuestión de carácter estritamente xurídico que non compre avaliar a esta intervención sen un previo informe xurídico. En canto á intervención material e examinado o informe xurídico de referencia, non se atopa no mesmo elementos formais que aconsellen o seu rexeitamento, como sería a falta de fundamentación xurídica ou contido erróneo manifesto.

Ademais, a decisión ou non de apelar a sentenza compete aos órganos de goberno desta Corporación, a xuízo dos informes xurídicos que soliciten, sexan estes preceptivos ou non.

Polo tanto, esta intervención, deixando clara a desvinculación do eido orzamentario (xa viabilizado no orzamento do ano 2018) do ámbito material que debe decidir a Corporación, á vista dos informes xurídicos, fiscaliza por remisión ao informe xa citado que consta no expediente, en virtude do disposto no artigo 222 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que, copiado literalmente, di:

“Artigo 222. Facultades do persoal controlador: Os funcionarios que teñan ao seu cargo a función interventora, así como os que se desinen para levar a efecto os controis financeiro e de eficacia, exercerán a súa función con plena independencia e poderán recabar cantos antecedentes consideren necesarios, efectuar o exame e comprobación dos libros, contas e documentos que consideren precisos, verificar arqueos e recontos e solicitar de quen corresponda, cando a natureza do acto, documento ou expediente que deba ser intervido o requira, os informes técnicos e asesoramentos que estimen necesarios”, e ao o disposto no R.D. 424/2017, que desenvolve o ámbito da fiscalización do artigo 213 da Lei de facendas locais.

Polo tanto, se a Corporación pode ou non estimar a reclamación presentada fronte á aprobación inicial da modificación orzamentaria, derivará de como se dilucide definitivamente a esixibilidade do pagamento do xustiprezo, no que respecta exclusivamente aos xuros, xa que no que respecta ao principal a Corporación xa optou pola operación de endebedamento; e no primeiro caso podería ser substituído por unha operación de endebedamento a corto prazo en base ao artigo 177.5 da Lei de facendas locais a amortizar no exercicio de 2019, e, caso contrario, consignarse ou facer reserva financeira no orzamento de 2019, sen prexuízo dun pagamento aprazado acordado.”

Por varios concelleiros solicitan aclaracións ao interventor sobre o procedemento de pago, tanto do principal como dos xuros, que son aclarados.

Igualmente ábrese un pequeno debate sobre a conveniencia da interposición de recurso de apelación fronte a sentenza do 13.09.18 do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, manifestado o alcalde que entende que a competencia é súa.

Sometido o asunto a votación ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (Grupo municipal do P.P. e Sanxenxo agrupación liberal)

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.N.G., grupo mixto e grupo de non adscritos)

A comisión, por maioría, acorda propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación presentada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales e outros fronte á aprobación inicial da transferencia de créditos entre diferentes áreas de gasto nº 3/18.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a transferencia de créditos entre diferentes áreas de gasto nº

3/18 por importe de 655.915,83 euros, procedendo á súa publicación no B.O.P..””

Así tamén deuse conta dos informes da técnico municipal de 11 e 18 de setembro que a continuación se transcriben literalmente:

***INFORME DA TÉCNICO DO 11 DE SETEMBRO DE 2018:**

“”ASUNTO: EXIXIBILIDADE DO PAGO DO XUSTIPREZO SOLICITADO POR D^a M^a DE LAS FLORES ROCAFORT MORALES E D. JUAN ROCAFORT MORALES

Na data do 3 de setembro de 2018 D. Juan M^a Fátima Rocafort Morales e D^a M^a de las Flores Rocafort Morales presentaron no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo dous escritos cos números de entrada nº 9.117 e 9.118 nos que, respectivamente, impugnan:

- i. A modificación das bases de execución do orzamento municipal do ano 2018, ao dedicar o importe establecido para o pago do xustiprezo da expropiación de terreos na rúa das Cunchas ao financiamento de diversos gastos;
- ii. O expediente 3/2018, de transferencia de crédito entre diferentes áreas de gastos dende o plan director 1/6 de pago de xustiprezo para varios gastos.

Solicitado polo órgano de xestión a emisión dun informe no particular relativo ao pago da cantidade reclamada como debida polos irmáns Rocafort Morales, na data do 3 de xullo de 2018 emitín un informe no que, á vista dos informes subscritos por D. Carlos Sánchez de Pazos Peigneux, de Estudio Jurídico Balbuena, e por D. Javier García Martínez, de J&A Garrigues, concluíase o seguinte:

“(…) trala anulación e retroacción de actuacións ordenada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 2018 non resulta exixible o pago de xustiprezo algún, precisamente por estar pendente a súa determinación polo Xurado de Expropiación de Galicia; todo elo sen prexuízo do eventual importe mínimo que o Xurado de Expropiación de Galicia poda ter en consideración á hora de ditar un novo acordo á vista do Auto de Aclaracións de 23 de abril de 2018. Salientar, neste punto, que o presuposto fáctico non é o mesmo que o existente en outubro de 2016, cando emitín o meu anterior informe sobre a procedencia de atender o requirimento de pago formulado polos irmáns Rocafort Morales; e iso, precisamente, como consecuencia da anulación xudicial das resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia que despraza, no momento actual, a aplicación dos artigos 48 e 50 da Lei Expropiación Forzosa e, por ende, a posibilidade de pago de xustiprezo algún ao estar pendente a súa determinación”.

Non obstante, trala emisión daquel informe o día 3 de xullo de 2018, o Xurado de Expropiación de Galicia determinou o xustiprezo da expropiación instada polos irmáns Rocafort Morales na cantidade de 4.264.238,33 euros, ao valorar a superficie cualificada no PXOM de Sanxenxo como zona verde e a destinada a sistema viario (acordo Plenario do XEG de data 26 de xullo de 2018).

Dito acordo non é firme en vía administrativa, ao non transcorrer o prazo legalmente previsto para a interposición de recurso de reposición fronte ao mesmo, sendo notificado ao Concello de Sanxenxo o día 6 de setembro de 2018 (artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Cómpre ter en consideración, neste punto, que o Concello de Sanxenxo interporá o pertinente recurso dentro do prazo previsto con petición de suspensión da execución do acto ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 39/2015.

Existe pois unha resolución administrativa de determinación do xustiprezo que, sen embargo, non é firme en vía administrativa, suscitándose neste escenario a exixibilidade do pago da cantidade reclamada. A cuestión foi expresamente analizada no Ditame de data 16 de maio de 2018, suscrito por D. Carlos Sánchez de Pazos Peigneux, de Estudio Jurídico Balbuena, “sobre diversas cuestións e actuacións en relación con la ejecución de la Sentencia del Tribunal Supremo nº 355/2018, de 6 de marzo, y su Auto aclaratorio de 23 de abril, por los que se resuelve sobre el Acuerdo del Jurado de Expropiación de Galicia de 11 de abril de 2013 (Expte. 2011-002290)”.

O apartado 7 do citado Ditame leva por título “La inexigibilidad del pago del justiprecio hasta la definitiva y firme valoración del mismo, consideraciones relativas al adelanto solicitado y eventual incidencia del ATS de 23 de abril de 2018” e nel se aborda o estudo, precisamente, da cuestión planteada:

“7.1 Exigibilidad del pago del justiprecio en el caso analizado.

En cuanto se refiere al primer caso, debe atenderse a lo dispuesto por el artículo 48.1 de la Ley de Expropiación forzosa de 16 de diciembre de 1954, de aplicación al caso y que dispone, en los siguientes términos el momento de pago (y por tanto de exigibilidad):

“Una vez determinado el justo precio, se procederá al pago de la cantidad que resultare en el plazo máximo de seis meses.”

Del anterior tenor se derivan de modo claro dos concretos aspectos de diferente cariz:

i) En primer lugar, se establece un período de pago “voluntario” por la Administración, cuya duración es de 6 meses, que transcurre desde la determinación -como veremos, firme- del justiprecio hasta el total transcurso del mismo. En relación con éste, resulta evidente la inexigibilidad de la deuda hasta dicho transcurso íntegro del mismo, en la medida en que hasta esa conclusión el Ayuntamiento dispone de discrecionalidad respecto del momento de dicho pago, no sometido, conforme se deriva del precepto, a condición o criterio alguno. No obstante, una vez transcurrido el mismo, la deuda será en todo caso exigible.

ii) Por otro lado, lo que constituye sin duda la cuestión esencial en nuestro caso, el momento de inicio del plazo anteriormente expuesto se hace coincidir con aquel en que el justiprecio se determina. Así pues, se acoge por el legislador un criterio eminentemente lógico en cuanto a la determinación de dicho momento de pago, asumiendo acertadamente que no puede ser anterior al propio momento en que la cantidad a satisfacer sea, de hecho, determinada. Lo anterior no es más que el reflejo de un principio jurídico general del derecho de obligaciones, que impide la exigibilidad de las deudas pecuniarias de carácter ilíquido, por el evidente motivo de desconocerse su cuantía.

La cuestión reside, en consecuencia, en la identificación del momento en que el justiprecio se determina, respecto del cual surge una duda elemental: ¿la “determinación” se limita a aquella firme y definitiva o abarca, asimismo, a aquella que se produce inicialmente, sin perjuicio de su impugnación (y, en consecuencia, falta de firmeza)?

La respuesta nos la ofrece la interpretación sistemática del precepto, que ha de ser puesto en relación con el artículo 50.2 de la Ley de Expropiación antes mencionado y que, recordemos, disponía:

“El expropiado tendrá derecho a que se le entregue, aunque exista litigio o recurso pendiente, la indemnización hasta el límite en que exista conformidad entre aquél y la Administración, quedando en todo caso subordinada dicha entrega provisional al resultado del litigio.”

En este sentido, es claro que una interpretación sensu contrario del artículo 50.2 LEF permite asumir la inexigibilidad de toda deuda derivada de un justiprecio no dotado de firmeza, criterio que ha sido adoptado en consecuencia de modo unánime por doctrina y jurisprudencia.

Sentado el marco jurídico de aplicación al caso, corresponde ya abordar nuestro caso concreto, en el que paradójicamente, la firmeza de los procesos judiciales devengados como consecuencia de la impugnación del justiprecio establecido por Resolución de 11 de abril de 2013, contrariamente a lo requerido por el artículo 48 de la LEF como requisito sine qua non de la exigibilidad, no ha derivado en la concreción de un justiprecio firme, sino precisamente en un mandato, dirigido al Jurado de Expropiación, de retroacción y nueva valoración de la cantidad indemnizable. En efecto, no puede sino recordarse el apartado 4º del fallo de la Sentencia nº 355/2018, de 6 de marzo, que -sin perjuicio de la limitación establecida por el Auto de 23 de abril de 2019- disponía al efecto:

4º.- Que ordenamos la retroacción de las actuaciones al momento en el que el Jurado de Expropiación de Galicia debió proceder a la valoración de la totalidad de la finca de la que la misma se había instado por el recurrente (2.964 metros cuadrados).

En consecuencia, habiéndose anulado la Resolución de 11 de abril del Jurado de Expropiación de Galicia, ordenándose la retroacción a los efectos de una nueva valoración, es evidente que no sólo no estamos ante una determinación “no firme”, sino que, en puridad, ni siquiera puede considerarse que haya existido “determinación” del justiprecio en términos de lo dispuesto por el artículo 48.1 LEF. Así pues, resulta evidente que, sin existir dicha determinación del justiprecio, ni siquiera se encuentra en transcurso el plazo de 6 meses desde la misma para el abono del mismo.

Á vista do citado Ditame cabe concluír que **o pago do xustiprezo devén exigible** unha vez finaliza o prazo de seis meses previsto no artigo 48.1 da LEF, é dicir, **transcorridos seis meses dende a determinación con carácter firme do xustiprezo da expropiación.** Ata o transcurso íntegro de dito prazo o importe non resulta exigible *“en la medida en que hasta esa conclusión el Ayuntamiento dispone de discrecionalidad respecto del momento de dicho pago, no sometido, conforme se deriva del precepto, a condición o criterio alguno”*. O exposto se entende sen prexuízo da posibilidade de que o XEG ou, no seu caso, o órgano xurisdiccional competente, acorden a suspensión da execución do acto ao apreciar a concorrencia dos requisitos previstos no artigo 117 da Lei 39/2015.

Polas razóns expostas, e sen prexuízo doutras cuestións e valoracións de índole orzamentaria que podan realizarse respecto do contido dos escritos presentados e que non son obxecto do presente informe, debe concluírse que ao día da data non resulta exigible o pago do xustiprezo da expropiación por ministerio da lei instada polos irmáns Rocafort Morales, ao non determinarse con carácter firme o xustiprezo expropiatorio e, por ende, non comezar sequera o cómputo do prazo de seis meses previsto no artigo 48 da LEF para o seu pagamento polo Concello de Sanxenxo. En Sanxenxo, a 11 de setembro de 2018.””

***INFORME DA TÉCNICO DO 18 DE SETEMBRO DE 2018:**

“ASUNTO: Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra e exixibilidade do pago do xustiprezo reclamado por D^a M^a de las Flores e D. Juan Rocafort Morales.

Na data do 17 de setembro de 2018 o despacho de avogados PwC puxo en coñecemento do Concello de Sanxenxo – vía correo electrónico - a Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, que estima parcialmente o recurso seguido polos irmáns Rocafort Morales contra a inactividade municipal fronte ao requirimento de pago formulado en agosto de 2016, no que se solicitaba o abono do importe fixado en concepto de xustiprezo pola expropiación dunha finca da súa titularidade mais os intereses correspondentes.

Dita Sentenza está relacionada co obxecto e contido dos informes de datas 3 de xullo e 11 de setembro de 2018, nos que se analizaba a exixibilidade do pago do xustiprezo reclamado por D^a M^a de las Flores e D. Juan Rocafort Morales. En consecuencia, procedo a emitir o presente **informe xurídico**, complementario dos dous anteriores, a fin de analizar o escenario no que nos atopamos tralo citado pronunciamento xudicial e seguir as actuacións que no seu caso procedan.

Segundo se indicou, a Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, estima parcialmente o recurso seguido polos irmáns Rocafort Morales contra a inactividade municipal fronte ao requirimento de pago formulado en agosto de 2016; apreciando a inactividade municipal contraria a Dereito, a Sentenza condena ao Concello de Sanxenxo ao abono aos recorrentes do importe do principal fixado como xustiprezo (3.010.872,38 euros) máis os intereses correspondentes, fixados na propia Sentenza na cantidade de 413.561,88 euros a día 19.01.2017, cantidade que segundo se indica debe ser actualizada á data do seu pagamento efectivo.

A devandita Sentenza se dita nun contexto integrado por dous resolucións xudiciais do Tribunal Supremo, que é preciso ter en consideración para poder analizar o contido daquela:

- A Sentenza do Tribunal Supremo nº 355/2018, do 6 de marzo, que anula as resolucións expresa e presunta do Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) de determinación do xustiprezo da expropiación por ministerio da lei instada polos irmáns Rocafort Morales, e ordena a retroacción das actuacións ao momento no que o XEG debe proceder a unha nova determinación do xustiprezo;
- O Auto do Tribunal Supremo de data 23 de abril de 2018, ditado en aclaración da anterior Sentenza, no que se indica que a valoración xa efectuada polo XEG, que fixaba o xustiprezo na cantidade de 3.010.872,32 euros, foi aceptada polo Concello de Sanxenxo e que, sexa cal fose a nova valoración, debe manterse dita cantidade mínima.

Neste escenario, **a Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra parte do seguinte presuposto: o acordo do XEG de data 11 de abril de 2013, que fixaba o xustiprezo na cantidade de 3.010.872,32 euros, é unha resolución administrativa firme para o Concello de Sanxenxo.** A xulgadora de instancia recorre ao Auto do Tribunal Supremo de 23 de abril de 2018, reproducindo expresamente o seu Fundamento de Dereito Terceiro:

(...) Tercero.- Debemos comenzar confirmando lo expuesto – en cuanto a los hechos – por la parte recurrente:

(...)

3. *La sentencia fue recurrida, ante esta sede casacional, sólo por el Sr. Rocafort Morales, pero no por el Ayuntamiento de Sanxenxo, que se aquietó con la sentencia; esto es, que la sentencia de instancia devino firme para el Ayuntamiento de Sanxenxo, al igual que el Acuerdo del Jurado – que la sentencia confirmaba – que fijaba el justiprecio en la cantidad de 3.010.872,38 euros.*

Non obstante, a xuízo de quen subscribe, dito Considerando do Auto de Aclaración do Tribunal Supremo que a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra toma como presuposto da súa *ratio decidendi*, se limita a confirmar os feitos expostos polo recorrente no seu escrito de petición de aclaración, indicando expresamente o mesmo Auto do Tribunal Supremo, nas súas conclusións, que:

3. Habiendo devenido firme la valoración ya efectuada por el Jurado, en relación con el Ayuntamiento de Sanxenxo, en todo caso – sea cual fuera la nueva valoración – la misma habría de mantenerse, como mínimo, en los 3.010.872,38 euros ya decididos y aceptados por el Ayuntamiento.

É dicir, e sen prexuízo de que non se comparta o seu contido, o Auto do Tribunal Supremo o que di é que o XEG debe proceder a unha nova valoración que, como mínimo, debe partir dos 3.010.872,38 euros da primeira valoración do mesmo xurado, anulada polo propio Tribunal Supremo na Sentenza nº 355/2018.

A Sentenza do Xulgado do Contencioso- Administrativo erra, ao meu xuízo, na propia interpretación do Auto do Tribunal Supremo que fundamenta o seu contido e Fallo, ao considerar que a resolución do XEG de data 11 de abril de 2013, de determinación do xustiprezo, é firme e executiva para o Concello de Sanxenxo. O que o Auto do Tribunal Supremo está dicindo – aínda que non se comparta - é que a contía fixada na primeira resolución é a mínima da que debe partirse na nova determinación do xustiprezo ao entender que o Concello de Sanxenxo aceptou ou se aquietou a dita cantidade, mais en ningún caso que exista unha resolución firme e executiva para o Concello de Sanxenxo.

Obvia por completo a xulgadora de instancia a **Sentenza do Tribunal Supremo nº 355/2018, do 6 de marzo, que nos puntos 2º, 3º e 4º do seu Fallo, mesmo trala corrección operada polo Auto aclaratorio, expresamente declara:**

2º.- Que debemos anular, y anulamos y casamos, la citada sentencia.

3º.- Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo 7104/2012 formulado por D. Juan Rocafort Morales contra los actos mencionados del Jurado de Expropiación de Galicia, los cuales anulamos por ser contrarios al Ordenamiento Jurídico.

4º.- Que ordenamos la retroacción de las actuaciones al momento en el que el Jurado de Expropiación de Galicia debió proceder a la valoración de la totalidad de la finca de la que la misma se había instado por el recurrente (2.964 metros cuadrados).

É dicir, **o Tribunal Supremo anulou por ser contraria a Dereito a resolución do XEG de data 11 de abril de 2013** que fixaba o xustiprezo na cantidade de 3.010.872,32 euros, ordenando a retroacción das actuacións ao momento de determinación do xustiprezo en vía administrativa, determinacións do Fallo da Sentenza do Tribunal Supremo que non foron corrixidas.

Non resulta admisible, como entende a Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, que se anule unha resolución administrativa e, ao propio tempo, se considere que a mesma resolución é firme e executiva para unha das partes, pois a anulación se predica do acto administrativo en si, que é único na realidade xurídica e o mesmo para todas as partes.

En definitiva, a xuízo de quen subscribe o presuposto da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, isto é, a consideración de que a resolución do XEG é firme e executiva para o Concello de Sanxenxo, parte dunha incorrecta interpretación do Auto do Tribunal Supremo e, en consecuencia, toma como certo un punto de partida erróneo, pois a resolución do XEG foi anulada polo Tribunal Supremo en Sentenza de 6 de marzo de 2018.

Tal é así que na data do 26 de xullo de 2018 o propio XEG, en execución de Sentenza, **adopta unha nova resolución de determinación do xustiprezo**, pendente de firmeza en vía administrativa. Nótese que **non se trata dunha resolución complementaria da anterior**, que se limite a engadir á valoración da zona verde o valor da superficie destinada a vías, se non que **se trata dunha nova valoración da total finca como consecuencia da anulación xudicial da anterior resolución de 11 de abril de 2013**.

En consecuencia, **non existindo unha resolución administrativa firme que executar, dificilmente pode apreciarse a inactividade municipal fronte ao requirimento de pago dunha cantidade que non era debida, precisamente, tras anularse xudicialmente as resolucións administrativas que constituían o fundamento e base do requirimento de pago.**

A anulación xudicial da resolución de determinación do xustiprezo e a orde de retroacción do procedemento á fase de determinación do xustiprezo ten consecuencias directas, así mesmo, na determinación dos intereses, polo que tampouco neste punto resulta aceptable a condena ao pago de intereses que realiza a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

En efecto, o Fallo da Sentenza nº 355/2018 do Tribunal Supremo ordena a retroacción das actuacións ao momento de determinación do xustiprezo polo XEG, o que significa:

- Que o XEG dispoñía dun novo prazo de tres meses para a determinación do xustiprezo, tralo requirimento do TSXG para que levase a puro e debido efecto a Sentenza do TS. Dito requirimento foi notificado ao XEG o día 5 de xullo de 2018 e o día 26 de xullo de procedeuse á determinación do xustiprezo, dentro pois do prazo de tres meses para proceder á execución da Sentenza (artigo 106.3 da LXCA) e, así mesmo, dentro do prazo de tres meses legalmente previsto para a determinación do xustiprezo, tanto na normativa reguladora do procedemento administrativo como no regulamento do propio xurado de expropiación. Retrotraídas as actuacións a esta fase, haberá que proceder no momento oportuno ao cálculo dos intereses que no seu caso se devengasen polo retraso na determinación do xustiprezo cando este resulte firme.
- Que no tocante aos intereses polo retraso no pago do xustiprezo, trala determinación definitiva do xustiprezo en vía administrativa, o Concello dispón dun prazo de seis meses para o seu pagamento voluntario, non xerándose mentres tanto interese algún (artigo 57 da LEF).

Na medida en que dito xustiprezo non é definitivo en vía administrativa, non se devengou, polo momento, intereses polo retraso no seu pagamento, resultado neste punto errónea a condena ao pago de intereses que contén a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Polas razóns expostas e sen prexuízo doutras consideracións que podan facerse sobre o contido da Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, a Técnica informante considera que debe procederse á interposición de recurso de apelación fronte a mesma, o que debe verificarse no prazo máximo de quince días a contar dende a súa notificación o 14 de setembro de 2018.

Exposto canto antecede cabe indicar, por último e no tocante á exixibilidade do pago reclamado polos irmáns Rocafort, que **a interposición de recurso de apelación fronte a Sentenza nº 83/2018, do 13 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ten efectos devolutivos e suspensivos (artigo 83.1 da LXCA), polo que non procede a súa execución.**

Non obstante o anterior, os recorrentes poderían instar a súa execución provisional (artigo 84 da LXCA), se ben cando podan derivarse prexuízos de calquera natureza, poderán acordarse as medidas adecuadas para evitalos ou palialos, mesmo exixirse á parte solicitante a prestación de caución ou garantía para responder daqueles; neste caso, non poderá procederse á execución provisional ata que a medida acordada non estea constituída e acreditada en autos. A execución provisional pode ser denegada polo xulgador si produce situacións irreversibles ou prexuízos de imposible reparación. O auto que resolva dita execución podería ser recorrido en apelación no caso de ser contrario aos intereses municipais (artigo 80.1.b) da LXCA). En Sanxenxo, a 18 de setembro de 2018.””

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu unha breve explicación da proposta de desestimento da reclamación baseándose nos informes emitidos.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, manifestou que se mantén na abstención engadindo que non entende como se dilata o pago do prezo establecido inicialmente pois logo van vir xuros e moitos mais gastos.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, manifestou que lle parecía ben loitar para defender os intereses municipais pero que o pago dos 3.010.872,38 euros iniciais hai que facelo agora si ou si, e non retrasar pagos porque imos entrar en campaña electoral. Falou tamén a concelleira de que houbo erros nas valoracións municipais establecidas no seu día expoñendo datos numéricos. Recalco que o principal había que pagalo para logo non facer fronte a máis xuros, custas, e rematou dicindo que ás veces os informes dos avogados se “montan ou desmontan”.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que todo isto era a crónica dun desastre anunciado dicindo que hai teorías no ámbito municipal sobre todo este asunto responsabilizándose uns a outros. Salientou que o optimismo do alcalde vains facer pensar a todos que ao final “a familia Rocafort pagará ao concello”. Recoñeceu que os recursos e as apelacións poden, “por azar”, suspender pagos, pero o que está claro e que se trata de que todo quede pendente para a corporación seguinte e así fálase da vía civil, da vía administrativa, da vía constitucional e de diversos feitos, estendendo toda “unha cortiña de fume”; que se trata de lanzar unha mensaxe en ano electoral que non prexudique ao PP cando esta formación foi a culpable do que está a suceder. Engadiu que todo o periplo transcorrido dende a aprobación do PXOM ata aquí obedece a unha época na que o concello tivo que facer fronte a numerosas condenas en xuízos con pago de xuros, custas e honorarios de avogados que defenderon ao concello. Rematou dicindo que estabamos a falar dunha das cuestións máis negativas para os intereses municipais, que o informe xurídico é optimista e gustaríalle que fose verdade o exposto pero o que teme é que todo se alongue e que dentro de dous anos xa faremos contas de todos os cartos que nos custou o asunto.

O **Sr. Guisasola Padín** dixo que o concello fixo os deberes consignando o importe que se debe pagar nos orzamentos e establecendo a viabilidade para contar cos recursos, engadindo que o pago hai que realizalo no seu momento e non hai razón para pagar a cantidade antes. Dixo tamén que a fixación dos valores e as cuestións xurídicas corresponden aos técnicos e aos xuristas. Acusou ao Sr. Otero Domínguez de que no seu día dixo na prensa que toda a indemnización ía acadar os corenta e sete millóns de euros dando a sensación de que era partidario da familia “Rocafort”. Engadiu que os viais teñen que ser públicos por sentido común e iso é o que se vai defender nos tribunais, facendo referencia á nova valoración do Xurado de Expropiación de Galicia; polo de pronto, de corenta e sete millóns de euros xa se baixou a catro e pico máis os xuros e custas que procedan. Falou, para rematar, de que se está tratando tamén de rebaixar a contía da valoración primitiva.

A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que o optimismo non sería o mesmo se os integrantes do goberno tiveran que facer fronte ao gasto dos seus petos. Distinguiu entre os 1.700 metros cadrados da zona verde dos 1.200 metros cadrados de viais, dicindo que por estes últimos son polos que ten que pelexar o concello. Dixo tamén que en relación cos 1.700 metros cadrados de zona verde o que hai que facer é pagar, porque senón as custas poden chegar ata 500.000 euros. Rematou dicindo que o goberno local agora quere recorrer para demorar o pago.

A **Sra. González-Haba Pérez** aclarou que ela non dixo que se monten informes á medida senón que uns avogados poden non coincidir con outros.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que os corenta e sete millóns de euros son os que pediu a familia Rocafort en nota publicada e que aquí o que conta é que o PP non fixo os tramites necesarios para solucionar isto, afirmando que “cada un apande co que lle toca”, sen escusas. Seguiu debatendo sobre os informes internos ou externos que se requiren, incidindo que no seu día aceptouse a valoración primitiva polo que o goberno anterior non puido acudir ao Tribunal Supremo. Rematou dicindo que a titularidade dos viais non se defendeu ben e agora é difícil darlle volta polo que ao final vaise pagar unha cantidade que xa veremos canto suma, o tempo o dirá.

O **Sr. Guisasola Padín** recoñeceu que el dí que os 411.000 euros de xuros fixados ata o de agora non é pouca cantidade dicíndolle á Sra. Rodríguez Búa que ela non ten a verdade única na defensa dos intereses municipais. Indicou que el no pode prexulgar informes xurídicos pero que o goberno anterior puido presentar un recurso de casación, que non se interpuxo, e así o di o Tribunal Supremo. Rematou dicindo ao Sr. Otero Domínguez que “apeitugue” co feito de non recorrer posto que el formaba parte do goberno, recoñecendo que aínda que el tivo erros os demais tamén.

A **Sra. Rodríguez Búa** volveu a dicir que os 1.200 metros cadrados de viais seguen a discutirse nos tribunais pero que discutir o pago do principal pola zona verde é absurdo porque o impago agora vai xerar mais custos tal e como expuxo, acusando ao goberno local de alongar o pago para gastar agora os cartos noutras cousas. Que o 2 de agosto solicitou no concello un expediente relacionado con este asunto, “finca na rúa das Cunchas”, e se lle dixo que non existía pero en realidade, existe e lle recomendou que o miraran ben.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que se ven aos plenos a facer política pois “tíranse pedras” dunha bancada a outra sen maior incidencia porque, por exemplo, no caso do IBI por moita discusión e debate que houbo, rematamos votando todos a favor.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que o Sr. Guisasola Padín alterábase pero que ao final os prexudicados serán os cartos dos veciños de Sanxenxo. Aclarou que o concello estivo representado nos recursos na época do goberno anterior con avogados que elixiron outros gobernos anteriores, incidindo, por certo, en que son bos. Aconsellou ao goberno para que non “vendan motos” dicindo que isto se pode gañar e pedindo que non insistan. Tamén dixo que houbo posibilidades de chegar a acordos pero que foi o goberno do PP o que xestionou mal sempre este asunto; rematou dicindo que todo isto parece un plan de pensións a prol da familia Rocafort e a ver quen se aproxima máis no futuro á cota final a pagar.

O **Sr. Guisasola Padín** despois de afirmar que espera “estar vivo de aquela” dixo que non só vai ser certo o que di a concelleira Sra. Rodríguez Búa e que na actualidade non se gastaron cartos en pedir auditorías. Rematou dicindo que a xustiza non son as matemáticas quedando posibilidades abertas e que unha das misións do goberno local é solucionar os problemas municipais.

A **Sra. Rodríguez Búa** insistiu en que todo sería distinto se os concelleiros do goberno tiveran que responder cos seus cartos das consecuencias das indemnizacións que haberá que pagar.

O **Sr. Alcalde** manifestou, querendo aclarar, que logo de tomar posesión do cargo o 31/05/17 tivo unha xuntanza cos representantes da familia “Rocafort” ofrecéndolle pagar os 3.010.872,38 euros nos prazos fixados polo goberno anterior se renunciaban a continuar co proceso xudicial; pero que a contestación dos Sres. Rocafort foi que ían ir ao Tribunal Supremo para reclamar unha valoración duns dezasete millóns de euros. Seguiu a dicir que, ante iso non se puido chegar a acordo tratando de defender entón que se pague a menor cantidade posible no prazo que legalmente corresponda. Falou a continuación de todo o procedemento seguido durante todos estes anos facendo unha referencia expresa ao recurso de amparo presentado diante do Tribunal Constitucional criticando a lentitude deste para resolver os asuntos nestes temas. Preguntouse que pasaría se gañamos pois quixo deixar moi claro que se os viais son públicos a valoración será inferior pero que tamén senón non son públicos e son da familia Rocafort o solo é urbano non consolidado e así valería menos. Rematou dicindo que se están a facer as cousas ben.

A continuación houbo un breve debate no que participou a Sra. Rodríguez Búa, a Sra. Fernández Agraso, o Sr. Otero Domínguez e o Sr. Alcalde sobre as cuestións xa tratadas como o asunto dos viais, actuación dos tribunais, os informes xurídicos, etc.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 05 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concellería non adscrita).

En consecuencia, e por maioría absoluta, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación presentada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales e outros fronte á aprobación inicial da transferencia de créditos entre diferentes áreas de gasto nº 3/18, en base aos o informe da técnico municipal de 11 e 18 de setembro de 2018 que a continuación se transcriben literalmente:

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a transferencia de créditos entre diferentes áreas de gasto nº 3/18 por importe de 655.915,83 euros, procedendo á súa publicación no B.O.P.-----

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECLAMACIÓN CONTRA A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2018. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 19 de setembro de 2018** que a continuación se transcribe literalmente:

“6.- RECLAMACIÓN CONTRA A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2018.- Dase conta da proposta da alcaldía que, copiada literalmente, di:

“Reclamación contra a modificación das bases de execución do orzamento municipal de 2018

Visto o informe xurídico emitido con data 11.09.18 esta Alcaldía propón que en virtude do mesmo, se desestime a mesma e que se aprobe definitivamente o modificacións das mesmas”.

Consta informe da intervención xeral de dada 14.09.18 que , copiado literalmente, di:

“Vista a proposta da concellería delegada de facenda ou alcaldía respecto do rexeitamento da reclamación presentada no trámite de información pública perante a aprobación inicial, esta información fiscaliza favorablemente no sentido seguinte:

Plena remisión ao sentido do informe emitido polos servizos xurídicos de urbanismo, toda vez que non se detectan defectos evidentes nos seus plantexamentos e/ou ausencia de fundamentación.

Todo elo en virtude do disposto no artigo 222 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.”.

Sometido o asunto a votación ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (Grupo municipal do P.P. e Sanxenxo agrupación liberal)

Votos pola abstención: Seis (Grupo municipal do B.N.G., grupo mixto e grupo de non adscritos)

A comisión, por maioría, acorda propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación presentada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales e outros fronte á aprobación inicial da modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2018.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a modificación das bases de execución do orzamento para 2018, procedendo á súa publicación no B.O.P.”

Así tamén deuse conta do informes da técnico municipal de 11 de setembro que a continuación se transcribe literalmente:

“”ASUNTO: EXIBILIDADE DO PAGO DO XUSTIPREZO SOLICITADO POR D^a M^a DE LAS FLORES ROCAFORT MORALES E D. JUAN ROCAFORT MORALES

Na data do 3 de setembro de 2018 D. Juan M^a Fátima Rocafort Morales e D^a M^a de las Flores Rocafort Morales presentaron no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo dous escritos cos números de entrada nº 9.117 e 9.118 nos que, respectivamente, impugnan:

- i. A modificación das bases de execución do orzamento municipal do ano 2018, ao dedicar o importe establecido para o pago do xustiprezo da expropiación de terreos na rúa das Cunchas ao financiamento de diversos gastos;
- ii. O expediente 3/2018, de transferencia de crédito entre diferentes áreas de gastos dende o plan director 1/6 de pago de xustiprezo para varios gastos.

Solicitado polo órgano de xestión a emisión dun informe no particular relativo ao pago da cantidade reclamada como debida polos irmáns Rocafort Morales, na data do 3 de xullo de 2018 emitín un informe no que, á vista dos informes subscritos por D. Carlos Sánchez de Pazos Peigneux, de Estudio Jurídico Balbuena, e por D. Javier García Martínez, de J&A Garrigues, concluíase o seguinte:

“(…) trala anulación e retroacción de actuacións ordenada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 2018 non resulta exixible o pago de xustiprezo algún, precisamente por estar pendente a súa determinación polo Xurado de Expropiación de Galicia; todo elo sen prexuízo do eventual importe mínimo que o Xurado de Expropiación de Galicia poda ter en consideración á hora de ditar un novo acordo á vista do Auto de Aclaracións de 23 de abril de 2018. Salientar, neste punto, que o presuposto fáctico non é o mesmo que o existente en outubro de 2016, cando emitín o meu anterior informe sobre a procedencia de atender o requirimento de pago formulado polos irmáns Rocafort Morales; e iso, precisamente, como consecuencia da anulación xudicial das resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia que despraza, no momento actual, a aplicación dos artigos 48 e 50 da Lei Expropiación Forzosa e, por ende, a posibilidade de pago de xustiprezo algún ao estar pendente a súa determinación”.

Non obstante, trala emisión daquel informe o día 3 de xullo de 2018, o Xurado de Expropiación de Galicia determinou o xustiprezo da expropiación instada polos irmáns Rocafort Morales na cantidade de 4.264.238,33 euros, ao valorar a superficie cualificada no PXOM de Sanxenxo como zona verde e a destinada a sistema viario (acordo Plenario do XEG de data 26 de xullo de 2018).

Dito acordo non é firme en vía administrativa, ao non transcorrer o prazo legalmente previsto para a interposición de recurso de reposición fronte ao mesmo, sendo notificado ao Concello de Sanxenxo o día 6 de setembro de 2018 (artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Cómpre ter en consideración, neste punto, que o Concello de Sanxenxo interporá o pertinente recurso dentro do prazo previsto con petición de suspensión da execución do acto ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 39/2015.

Existe pois unha resolución administrativa de determinación do xustiprezo que, sen embargo, non é firme en vía administrativa, suscitándose neste escenario a exibilidade do pago da cantidade reclamada. A cuestión foi expresamente analizada no Ditame de data 16 de maio de 2018, subscrito por D. Carlos Sánchez de Pazos Peigneux, de Estudio Jurídico Balbuena, “sobre diversas

cuestiones y actuaciones en relación con la ejecución de la Sentencia del Tribunal Supremo nº 355/2018, de 6 de marzo, y su Auto aclaratorio de 23 de abril, por los que se resuelve sobre el Acuerdo del Jurado de Expropiación de Galicia de 11 de abril de 2013 (Expte. 2011-002290)”.

O apartado 7 do citado Ditame leva por título “*La inexigibilidad del pago del justiprecio hasta la definitiva y firme valoración del mismo, consideraciones relativas al adelanto solicitado y eventual incidencia del ATS de 23 de abril de 2018*” e nel se aborda o estudo, precisamente, da cuestión planteada:

“7.1 Exigibilidad del pago del justiprecio en el caso analizado.

En cuanto se refiere al primer caso, debe atenderse a lo dispuesto por el artículo 48.1 de la Ley de Expropiación forzosa de 16 de diciembre de 1954, de aplicación al caso y que dispone, en los siguientes términos el momento de pago (y por tanto de exigibilidad):

“Una vez determinado el justo precio, se procederá al pago de la cantidad que resultare en el plazo máximo de seis meses.”

Del anterior tenor se derivan de modo claro dos concretos aspectos de diferente cariz:

i) En primer lugar, se establece un período de pago “voluntario” por la Administración, cuya duración es de 6 meses, que transcurre desde la determinación -como veremos, firme- del justiprecio hasta el total transcurso del mismo. En relación con éste, resulta evidente la inexigibilidad de la deuda hasta dicho transcurso íntegro del mismo, en la medida en que hasta esa conclusión el Ayuntamiento dispone de discrecionalidad respecto del momento de dicho pago, no sometido, conforme se deriva del precepto, a condición o criterio alguno. No obstante, una vez transcurrido el mismo, la deuda será en todo caso exigible.

ii) Por otro lado, lo que constituye sin duda la cuestión esencial en nuestro caso, el momento de inicio del plazo anteriormente expuesto se hace coincidir con aquel en que el justiprecio se determina. Así pues, se acoge por el legislador un criterio eminentemente lógico en cuanto a la determinación de dicho momento de pago, asumiendo acertadamente que no puede ser anterior al propio momento en que la cantidad a satisfacer sea, de hecho, determinada. Lo anterior no es más que el reflejo de un principio jurídico general del derecho de obligaciones, que impide la exigibilidad de las deudas pecuniarias de carácter ilícito, por el evidente motivo de desconocerse su cuantía.

La cuestión reside, en consecuencia, en la identificación del momento en que el justiprecio se determina, respecto del cual surge una duda elemental: ¿la “determinación” se limita a aquella firme y definitiva o abarca, asimismo, a aquella que se produce inicialmente, sin perjuicio de su impugnación (y, en consecuencia, falta de firmeza)?

La respuesta nos la ofrece la interpretación sistemática del precepto, que ha de ser puesto en relación con el artículo 50.2 de la Ley de Expropiación antes mencionado y que, recordemos, disponía:

“El expropiado tendrá derecho a que se le entregue, aunque exista litigio o recurso pendiente, la indemnización hasta el límite en que exista conformidad entre aquél y la Administración, quedando en todo caso subordinada dicha entrega provisional al resultado del litigio.”

En este sentido, es claro que una interpretación sensu contrario del artículo 50.2 LEF permite asumir la inexigibilidad de toda deuda derivada de un justiprecio no dotado de firmeza, criterio

que ha sido adoptado en consecuencia de modo unánime por doctrina y jurisprudencia.

Sentado el marco jurídico de aplicación al caso, corresponde ya abordar nuestro caso concreto, en el que paradójicamente, la firmeza de los procesos judiciales devengados como consecuencia de la impugnación del justiprecio establecido por Resolución de 11 de abril de 2013, contrariamente a lo requerido por el artículo 48 de la LEF como requisito sine qua non de la exigibilidad, no ha derivado en la concreción de un justiprecio firme, sino precisamente en un mandato, dirigido al Jurado de Expropiación, de retroacción y nueva valoración de la cantidad indemnizable. En efecto, no puede sino recordarse el apartado 4º del fallo de la Sentencia nº 355/2018, de 6 de marzo, que -sin perjuicio de la limitación establecida por el Auto de 23 de abril de 2019- disponía al efecto:

4º.- Que ordenamos la retroacción de las actuaciones al momento en el que el Jurado de Expropiación de Galicia debió proceder a la valoración de la totalidad de la finca de la que la misma se había instado por el recurrente (2.964 metros cuadrados).

En consecuencia, habiéndose anulado la Resolución de 11 de abril del Jurado de Expropiación de Galicia, ordenándose la retroacción a los efectos de una nueva valoración, es evidente que no sólo no estamos ante una determinación “no firme”, sino que, en puridad, ni siquiera puede considerarse que haya existido “determinación” del justiprecio en términos de lo dispuesto por el artículo 48.1 LEF. Así pues, resulta evidente que, sin existir dicha determinación del justiprecio, ni siquiera se encuentra en transcurso el plazo de 6 meses desde la misma para el abono del mismo.

Á vista do citado Ditame cabe concluír que **o pago do xustiprezo devén exixible** unha vez finaliza o prazo de seis meses previsto no artigo 48.1 da LEF, é dicir, **transcorridos seis meses dende a determinación con carácter firme do xustiprezo da expropiación**. Ata o transcurso íntegro de dito prazo o importe non resulta exixible “en la medida en que hasta esa conclusión el Ayuntamiento dispone de discrecionalidad respecto del momento de dicho pago, no sometido, conforme se deriva del precepto, a condición o criterio alguno”. O exposto se entende sen prexuízo da posibilidade de que o XEG ou, no seu caso, o órgano xurisdiccional competente, acorden a suspensión da execución do acto ao apreciar a concorrencia dos requisitos previstos no artigo 117 da Lei 39/2015.

Polas razóns expostas, e sen prexuízo doutras cuestións e valoracións de índole orzamentaria que podan realizarse respecto do contido dos escritos presentados e que non son obxecto do presente informe, debe concluírse que ao día da data non resulta exixible o pago do xustiprezo da expropiación por ministerio da lei instada polos irmáns Rocafort Morales, ao non determinarse con carácter firme o xustiprezo expropiatorio e, por ende, non comezar sequera o cómputo do prazo de seis meses previsto no artigo 48 da LEF para o seu pagamento polo Concello de Sanxenxo. En Sanxenxo, a 11 de setembro de 2018.””

Non se produce debate porque este xa tivo lugar no punto anterior.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 05 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concellería non adscrita).

En consecuencia, e por maioría absoluta, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: desestimar a reclamación presentada por D. Juan María Fátima Rocafort Morales e outros fronte á aprobación inicial da modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2018, en base ao o informe da técnico municipal de 18 de setembro de 2018 que a continuación se transcribe literalmente:

SEGUNDO: aprobar definitivamente a modificación das bases de execución do orzamento para 2018, procedendo á súa publicación no B.O.P.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/07/158 (R. DE ENTRADA NÚM. 8.124 DO 02/08/18) POLO QUE SE INDICA QUE CON DATA 31/07/18 PROCEDEUSE A COMUNICAR AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 31 de xullo de 2018, rexistrado de entrada co número 8.124, do 02 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.07.18, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 31 de xullo de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o número 2 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/07/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 8.125 DO 02/08/18) MEDIANTE O QUE ACHEGA O INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018. O Sr. Secretario **acetal.** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** de 31 de xullo de 2018, rexistrado de entrada co número 8.125, do 02 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 2º trimestre de 2018, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 1º trimestre de 2018 e o 2º trimestre de 2018 é a seguinte

1º trim 18	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	21,60	66,24	13,71	5,64	0,33
PMPP	81,08	59,37	4,73	9,00	131,46

2º trim 18	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	22,22	29,87	14,61	9,00	273,27
PMPP	50,73	29,00	4,42	0,00	188,56

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los

términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 02 de maio de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 10 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 10, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 volta.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/07/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 8.126 DO 02/08/18)) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA 31/07/18 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario acetal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 31 de xullo de 2018, rexistrado de entrada co número 8.126, do 02 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao segundo trimestre de 2018, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.07.18, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 31 de xullo de 2018”.

Adxunto a este escrito figuran 90 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 90, tendo os números 1, 2, 7, 8, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89 e 90 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/07/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 8.127 DO 02/08/18) MEDIANTE O QUE SE ACHEGA INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 2º TRIMESTRE DE 2018. O Sr. Secretario acetal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 31 de xullo de 2018, rexistrado de entrada co número 8.127, do 02 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao segundo trimestre de 2018, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 31 de xullo de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 80 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 80, tendo os números 4, 8, 11, 12, 14, 16, 17, 19, 22, 25, 33, 34, 36, 38, 39, 41, 44, 47, 48, 49, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78 e 79 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 23/08/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 8.792) MEDIANTE O QUE SE ACHEGAN XUSTIFICANTES DE ENVÍO AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS, A TRAVÉS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS, DA INFORMACIÓN RETRIBUTIVA DOS POSTOS DE TRABALLO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS E DAS RETRIBUCIÓN DOS CARGOS ELECTOS DAS MESMAS ASÍ COMO AS CANTIDADES PERCIBIDAS EN 2017 POLO PERSOAL LABORAL, FUNCIONARIO E DO OA “TERRA DE SANXENXO” ASÍ COMO AS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. O Sr. Secretario acetal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 23 de agosto de 2018, rexistrado de entrada co número 8.792, do 23 de agosto de 2018, que a continuación se transcribe literalmente:

“ASUNTO: COMUNICACIÓN RETRIBUCIÓN DO PERSOAL E EFECTIVOS POR PARTE DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, abriu a aplicación ISPA (Sistema Información Salarial de Postos da Administración), para que as Entidades Locais poidan dar cumprimento á obriga de remisión da información retributiva establecida no artigo 7.45 da Orde HAP/2105/2012. Deberase remitir o MINHAP la información retributiva de los postos de traballo das Corporacións Locais e das retribucións dos cargos electos das mesmas.

Igualmente e en consonancia co disposto na Lei 27/2013, de racionalización e sosteñibilidade da Administración Local, este Concello deberá comunicar a información das cantidades percibidas en 2017 por o persoal laboral e funcionario do Concello de Sanxenxo e do OA Terra de Sanxenxo asemade o dos membros da Corporación.

O responsable de recadar e remitir a información solicitada, de acordo co previsto no artigo 5 e a Disposición Final segunda de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, neste Concello e OA é o interventor xeral.

Unha vez recadada e enviada por parte desta intervención dase conta os efectos de que o teña en coñecemento a corporación en Pleno, xuntándose o presente oficio copia dos xustificantes de dita tramitación. Sanxenxo a 23 de agosto de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 7 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 7.

A Corporación deuse por enterada.-----

14º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 14/09/18 (R. DE ENTRADA NÚM. 9618 DO 17/09/18) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 14/09/18 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2019. O Sr. **Secretario acctal.** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** de 14 de setembro de 2018, rexistrado de entrada co número 9.618, do 17 de setembro de 2018, que a continuación se transcribe literalmente: “Con data 14.09.18 remitíronse ao Ministerio de facenda e administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2019.

En virtude do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, achegáselle copia das mesmas para a súa dación de conta ao Pleno da Corporación. Sanxenxo, 14 de setembro de 2018.”

Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, tendo os folios 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14 e 15 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

15º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 13 DE XUÑO AO 16 DE XULLO DE 2018 (DE RES. Nº 1264/18 Á Nº 1480/18). O Sr. **Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas desde o **13 de xuño ao 16 de xullo de 2018**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

URXENCIA

Por parte da **alcaldía** manifestouse que no día de hoxe tivo entrada un escrito da concelleira Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, no que manifestaba que desexaba abandonar as siglas do PSdeG-PSOE (formaba parte do Grupo Municipal Mixto), para seren concelleira non adscrita, solicitando que, por urxencia, se inclúa o seguinte punto na orde do día:

16º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. GONZÁLEZ-HABA PEREZ, DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2018 (R. DE ENTRADA Nº 9.862) COMUNICANDO QUE SE DA DE BAIXA NO PSDG-PSOE PARA PASAR A SER CONCELLEIRA NON ADSCRITA. A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia, o Sr. **Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia, que foi aprobada por unanimidade dos membros de dereito da corporación.

A Sra. **González-Haba Pérez** tomou a palabra para ler o seguinte escrito que literalmente di:

“”Buenas noches a todos y a todas.

En mi vida de adulta voté al PSOE, porque considero que es el partido que más ha contribuido a traer a España los principios de libertad, igualdad, solidaridad y justicia social.

En 2015 me presenté bajo estas siglas y ahora, después de una profunda y larga reflexión, consensuada con compañeros de partido, amigos y familia, anuncio que dejo de ser militante del PSOE.

Seguiré votando al PSOE cuando lo crea conveniente, como así hice cuando no tenía carnet de militante. He votado a mi partido más veces sin carnet, que con él. **ESTA DECISIÓN LA TOMO CON LA LIBERTAD QUE ME OTORGA EL QUE NO DEBO NADA AL PARTIDO, NI ÉL ME DEBE NADA A MÍ.** Este hecho es algo que debería ser una constante en los políticos, pero que no ha sido, ni está siendo así. Lo que si seguiré es defendiendo los intereses de los vecinos y vecinas de Sanxenxo, que fue para lo que me presenté, pero como concejala no adscrita.

En la agrupación socialista de Sanxenxo, existen dos corrientes bien diferenciadas y las dos igual de nocivas, pero con un denominador común y es que no dan la cara, cosa que personalmente detesto y que me hacen desconfiar de ambas, dando como resultado, que en los últimos 20 años, el PSOE de Sanxenxo no sea una referencia por desacuerdos internos entre ambas corrientes.

Una de las razones que me lleva a tomar esta difícil decisión es que hay una falta de trabajo total en la agrupación, pero no solo de esta ejecutiva, también de la anterior. Se está haciendo una **política mediática**, la de la foto o el vídeo, pero sin un trabajo que lo respalde y sin el contacto con el tejido asociativo de los vecinos y vecinas de Sanxenxo. Este tipo de hacer política para mi está carente de sentido, siendo pura inmediatez y por lo tanto totalmente inútil e ineficaz.

Otra razón es que está recalando en la sede la corriente del pasado, la que nos hizo vivir uno de los peores momentos de la historia de esta agrupación, pero eso sí, sin dar la cara abiertamente.

En las elecciones municipales de 1995 el PSOE obtuvo mayoría absoluta (el PSOE consiguió nueve concejales, por siete del PP y uno del BNG), pero en marzo de 1996, tres concejales se desmarcaron rápidamente del Alcalde José Luis Rodríguez Lorenzo dejando a su propio gobierno en minoría. Todo esto sirvió para que en 1999 se le pusiera una alfombra roja al PP y continuase gobernando hasta 2015. Esas personas son las que actualmente y siempre en la sombra y sin dar la cara, las que están ahora mismo manejando los hilos de la agrupación socialista de Sanxenxo, cosa con la que estoy frontalmente en desacuerdo. Por cierto ese Alcalde, por aquel entonces socialista, años más tarde y con las siglas de VIPS mantuvo un gobierno de PP durante una legislatura entera.

Y por último y no menos importante, todo lo contrario, lo hago porque creo firmemente, que la dignidad debe impregnar siempre la vida personal y por supuesto también la política, y porque en **POLITICA NO VALE TODO**, pero seguiré defendiendo los intereses de los vecinos y vecinas de Sanxenxo, que fue para lo que me presenté, aunque a partir de ahora como concejala no adscrita.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO QUE NO ORZAMENTO DE 2019 SE INCLÚAN PARTIDAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA

CULTURA, DEPORTE E EDUCACIÓN. A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura a moción que literalmente di:

“Dña. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo.

EXPÓN:

Xa hai máis de 7 anos sen que as asociacións, clubs, ANPAS e demais tecido asociativo recibiran ningún tipo de subvención por parte do Concello de Sanxenxo.

Xa se deixaran de outorgar incluso antes de ter que implantar o Plan de axuste Económico-Financeiro no ano 2012 para pagar a débeda que o goberno do Partido Popular tiña adquirido con provedores por culpa das múltiples sentenzas millonarias urbanística nas que estaba (e por desgraza seguimos estando) no noso concello.

No Pleno do mes de xullo asistimos á concesión de algunhas subvencións nominativas outorgadas por criterio político e de maneira parcial, incluso agochando oque debería ser convenios ou patrocinio de federacións galegas en forma de subvención nominativa e deixando atrás a moito do noso tecido asociativo sen a posibilidade de optar a recibir esa contribución municipal.

Segundo a Lei galega en materia de subvencións 9/2007, no seu artigo 19, que regula o procedemento de concesións de subvencións establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva”.

Segundo o artigo 8 da Lei Xeral de subvencións 38/2003 no seu punto 3 di que a xestión das subvencións realizará de acordo cos seguintes principios “PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA, CONCORRENCIA, OBTETIVIDADE, IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN.”

A concesión directa de subvencións debe ser unha forma EXCEPCIONAL e que debe estar debidamente motivada e fundamentada, cousa que non pasou en absoluto nas recentes concesións nominativas, pois na documentación presentada polo goberno PP-SAL non se redactou fundamentación nin motivación ningunha para a súa concesión.

A Lei deixa claro que unha proliferación de concesións directa de subvencións constitúe un abuso que non está xustificado, debendo garantirse a concorrencia competitiva en aras da transparencia e ademais dunha mellor prestación dos servizos de que se trate.

Entendemos que deben ser unicamente subvencións nominativas as que sexan de ámbito humanitario e/ou emerxencia social, o resto, para unha maior transparencia, equidade, xustiza e obxectividade deben ser sempre por concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS:**

-Que no orzamento do ano 2.019 se dote de unha partida para a convocatoria de subvencións por concorrencia competitiva dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades de dinamización da Cultura.

-Que no orzamento do ano 2.019 se dote de unha partida para a convocatoria de subvencións por concorrencia competitiva dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades de dinamización do Deporte.

-Que no orzamento do ano 2.019 se dote de unha partida para a convocatoria de subvencións por concorrencia competitiva dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades de dinamización da Educación. Sanxenxo a 22 de Setembro de 2.018.”

Rematada a lectura a **concelleira nacionalista, Sra. Fernández Agraso**, xustificou a urxencia en que, pola próxima elaboración dos orzamentos municipais nos que vanse destinar a estas subvencións 107.000 euros con carácter nominativo e este tipo de asignacións debe ser excepcional segundo a normativa. Seguiu dicindo que pretende que se eliminen posibles arbitrariedades promovendo a concorrència. Rematou dicindo que só nalgún caso excepcional pode manterse, por alto interese social, algunha subvención nominativa.

O **Sr. Alcalde** manifestou que o seu grupo rexeitaba a urxencia porque xa están avanzados os traballos de elaboración do orzamento e agora o propio é presentar a solicitude cando se lle entregue a documentación orzamentaria previa a aprobación do documento. Para rematar, defendeu que o goberno actual foi o único que vai aprobar tres orzamentos en ano e medio de xestión.

A **Sra. Fernández Agraso** dixo que non entendía que se rexeitase urxencia dun asunto sen debatelos.

O **Sr. Alcalde** manifestou que xa están traballando en materia de cultura e deportes sobre estes asuntos e, que en todo caso, a proposta puido ser realizada antes.

Non se producen máis intervencións en canto á declaración da urxencia e o **Sr. Presidente** someteu a urxencia votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor da urxencia: 06 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto, Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

Votos en contra da urxencia: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, ao non prosperar a urxencia, non se debateu a moción.-----

ROGOS

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, rogou que cando se lle formulen preguntas á alcaldía se contesten, senón pode ser na propia sesión que se faga con posterioridade.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que se facía un uso partidista da páxina web do concello con continuas notas do goberno municipal cando é unha páxina institucional de todos.

3º) O **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, rogou que cando se presenten mocións por urxencia se debatan e se discutan, ou sexa, que deberíanse admitir as urxencias sempre cara ao futuro.

4º) O **Sr. Agís Balboa** dixo que non se “enrollasen tanto” os concelleiros para obter votos nin que recorran tanto a historias do pasado porque senón iamos a falar da “epoca de Jesucristo”.

5º) O **Sr. Agís Balboa** dixo que se traballe mais na reciclaxe de desperdicios (botellas de vidro, por exemplo), lembrando outros países europeos coa reciclaxe activa en zonas comerciais e que os

incentivos económicos tiñan que ser a cambio da entrega de envases de vidro, porque por estes xa pagaron anteriormente.

6º) O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, quixo facer un rogo “solidario”, agradecendo ao Sr. Agís Balboa que apoiase agora as urxencias e que tamén roga que as mocións presentadas polo concelleiro do Grupo Municipal Mixto se cumpran pois xulgo como de “compadreo” as súas actuacións cando estaba na oposición co goberno anterior. Rematou dicindo que “vale que con se cumpran as mocións do BNG pero as de Agís Balboa merecen ser cumpridas”.

O aludido, **Sr. Agís Balboa** manifestou que xa reclamou o cumprimento do acordado nas súas mocións máis dunha vez e que ten coñecemento que nalgũa delas estase a traballar. Rematou dicindo que cumprir se deben cumprir todas as mocións aprobadas.

PREGUNTAS

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, fixo unha referencia ao alcalde que prometeulle hai tempo que os contratos menores ian ser publicitados na páxina e preguntou: ¿Por que a día de hoxe nada sabemos da promesa deste alcalde sen palabra?.

O **Sr. alcalde** argumentou que non se esquecía da afirmación pero que hai problemas informáticos para a instalación da administración electrónica e incluso da centralita telefónica. Rematou dicindo que agora hai cousas mais prioritarias.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa** fixo referencia a que se están a facer agora obras na piscina preguntando: ¿por que non se aproveitou a parada de setembro para facer estas obras?.

O **Sr. Alcalde** afirmou que todos erramos e que as obras se puideron programar, pero doutra maneira.

2º) O **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, despois de dicir que levamos esperando pola apertura do parque empresarial dende fai quince anos, mais ou menos, preguntou: ¿é certo que por fin vai abrir o polígono? ¿pode clarificar vostede este asunto?.

O **Sr. Alcalde** manifestou que despois das xestións feitas con “Fenosa” e con Augas de Galicia, faltan catro informes (xurídicos, técnicos, fiscalización, etc) que son previos a conceder a licenza de primeira ocupación. Rematou dicindo que se os informes son favorables en dez ou quince días podemos ter o polígono recibido.

3º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que segue a haber coches aparcados co rótulo “se vende” no camiño que leva a “Garaje Progreso”, aparcándose en terreos de titularidade pública. Preguntou cando se vai solucionar este asunto e que medidas se van adoptar.

O **Sr. alcalde** recoñeceu que esta era unha cuestión que leva tempo porque non está regulada. Dixo que impedir ese uso na zona non é doado e atopar unha solución tampouco.

A **Sra. Fernández Agraso** suxeriu pintar a zona de azul como se fixo noutras zonas do municipio.

O **Sr. Alcalde** defendeu, por alusións, a fixación da zona azul no municipio, pero en relación coa pregunta en cuestión dixo que tampouco se pode privar de dereitos a ninguén.

Xa falando de dereitos, o **Sr. Alcalde** dixo que non podían ter menos dereitos os nacionais que os migrantes que entran polo valado de Ceuta que tiñan máis facilidades que nós.

A **Sra. Fernández Agraso** díxolle ao Sr. Alcalde que lle parecía increíble o que estaba a escoitar, preguntando porque tiña tiña esta saída ante o tema plantexado.

O **Sr. Alcalde** manifestou que non está en contra da inmigración pero sempre con papeis, non sen papeis, indicando que con contrato de traballo sempre defende a entrada de persoas doutras nacionalidades, lembrando aos españois que tiveron que emigrar a outros países no pasado pero que tiñan contrato para traballar e residir. Concluíu dicindo que Europa se está islamizando.

A **Sra. Fernández Agraso** considerou como discriminatoria e aberrante a actitude do Sr. Telmo Martín, que parecía que falaba en Budapest en referencia á postura do goberno húngaro sobre a inmigración. Despois dunhas verbas cruzadas sobre o tema dos migrantes o **Sr. Presidente** deu por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: